

# IV PREMIO DE ORATORIA EN FORMATO PODCAST 'RAMÓN OTERO PEDRAYO'

A Asociación Amigos de Otero Pedrayo convoca o IV Premio de Oratoria en Formato Podcast “Ramón Otero Pedrayo”, dirixido a alumnado galego de entre 15 e 18 anos.



## BASES DO PREMIO

O premio “Amigos de Otero Pedrayo” –premio de oratoria en formato podcast Ramón Otero Pedrayo–, creado coa idea de que a figura de don Ramón non sexa esquecida polas novas xeracións, oriéntase, desde o ano 2023, ao campo da oratoria e a comunicación oral e está dotado, no conxunto das súas tres categorías, con arredor de 3.000 euros (en produtos galegos Coren e nun portátil). O concurso, dirixido a escolares e universitarios que teñan entre 15 e 18 anos, pretende incentivar as habilidades comunicativas orais e a expresión correcta mediante o cultivo da oratoria, da que foi un mestre Ramón Otero Pedrayo.

## Participantes

Poderá participar calquera estudante de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, grao universitario ou máster. A participación será individual ou en grupo.

## Temas preferentes e idioma

Os temas preferentes das pezas que se presenten ao premio serán o medio ambiente, a paisaxe, a sostibilidade, o territorio, o patrimonio, a historia, a xeografía, a etnografía, a comunicación oral e a tradición oral. Todos temas do universo oteriano.

O idioma será o galego.

## Partes da peza

Cada peza debe ter unha presentación do/a autor/a, do tema, unha mensaxe central e un peche.

## Compromisos

A participación no concurso implica a cesión de dereitos de difusión das pezas á Asociación de Amigos de Otero Pedrayo.

## Forma de presentación

As pezas que se presenten, preferentemente en formato podcast e vídeo, deben enviarse ao correo-e da asociación ([amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com](mailto:amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com)) entre o 10 de febreiro e o 25 de xullo do 2026.

## Categorías do premio e dotación

Convócanse tres premios:

(1) **Primeiro premio.** Dotado cun ordenador portátil que achegará e entregará a Secretaría Xeral da Lingua e con 500 euros en produtos Coren que achegará Coren.

(2) **Segundo premio.** Dotado con 500 euros en produtos Coren que achegará Coren.

(3) **Terceiro premio.** Dotado con 200 euros en produtos Coren que achegará Coren.

## Xurado e criterios de valoración

A Asociación de Amigos de Otero Pedrayo elixirá o xurado, que estará formado por cinco persoas expertas no campo da Comunicación e da Cultura e que, ademais de fallar o premio ao mellor traballo e difundilo por todas as canles das que dispón a entidade, seleccionará as mellores pezas non premiadas para poñelas en acceso aberto na súa páxina web.

A valoración das pezas terá en conta, de forma preferente, os seguintes criterios: vocabulario, voz e dicción, xesticulación (no seu caso), organización do discurso, argumentación e calidade técnica da peza entregada.

A programación, organización, execución e avaliación dos traballos que se presenten correrán a cargo da Asociación de Amigos de Otero Pedrayo.

Ademais, a Asociación reserva para si o dereito de xestionar a admisión das pezas presentadas e velará para que as pezas que concursan cumpran os requisitos recollidos nas bases e teñan calidade.

## Resolución do premio

O premio resolverase nos meses do verán e darase a coñecer o día 31 de agosto de 2026. A entrega do premio será en Trasalba, nun acto que se organizará antes de finais de 2026 e no que haberá unha degustación de produtos Coren que ofrece esta cooperativa no marco da súa colaboración co premio.



**Máis información:** chamando ao teléfono 988281139 ou enviando un correo electrónico a [amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com](mailto:amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com).



XUNTA  
DE GALICIA

